



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ABEGONDO, A CONSELLERÍA DE SANIDADE, AUGAS DE GALICIA, DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS E O INSTITUTO TECNOLÓXICO DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DO PROXECTO "CREATING A NEW CONCEPT OF NATURAL DRINKING FOUNTAINS AND DEMONSTRATING ITS VIABILITY ALONG ST JAMES' WAY: LIFE WATER WAY", BENEFICIARIO DO PROGRAMA LIFE DA COMISIÓN EUROPEA (LIFE 16 ENV/ES/000533).

Abegondo, 21 de decembro de 2018

REUNIDOS

Don José Antonio Santiso Miramontes, alcalde-presidente do Concello de Abegondo (en adiante COORDINADOR) actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

Don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en nome e representación desta administración, segundo as atribucións que ten conferidas segundo a Lei 1/1983, do 23 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia, e de conformidade co Decretos 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estruturas orgánica da Consellería de Sanidade, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Dona Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 95/2018, do 26 de setembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en calidade de presidenta da entidade pública empresarial Augas de Galicia, e facendo uso das competencias recollidas no artigo 6.2. do seu estatuto, aprobado por Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.

Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, nomeado na sesión constitutiva celebrada pola Excelentísima Deputación o 16 de xuño de 2015 e facendo uso das atribucións recollidas no artigo 61 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.





Don César Longo Queijo, vicepresidente da Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas – Betanzos", con CIF G 70180807, no seu nome e representación, en virtude do previsto nos seus estatutos e de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e polo Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións.

Don Carlos Calvo Orosa, director xeral da Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, con CIF G 15 305923, no seu nome e representación en virtude da escritura de apoderamento núm. 53 do 16.01.2015 ante o notario da Coruña, D. Jacobo-Esteban Pérez Rama.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio de colaboración, e para tal efecto.

EXPOÑEN


Primeiro. As partes arriba mencionadas, agás a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Tecnolóxico de Galicia, presentaron xunto coa empresa Seko Ibérica Sistemas de Dosificación, SA unha proposta de proxecto ao Programa LIFE da Unión Europea, cuxas bases están reguladas polo Regulamento (UE) núm. 1293/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, relativo ao establecemento dun Programa de Medio Ambiente e Acción polo Clima (LIFE) e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 614/2007 (DOUEL do 20 de decembro do 2013).

Segundo. Que a citada proposta presentouse baixo a modalidade de "Proxecto en cooperación", e polo tanto as partes formalizan as súas relacións mediante acordos de colaboración para establecer os seus dereitos e obrigas no desenvolvemento do proxecto:

"Creating a new concept of natural drinking fountains and demonstrating its viability along st james' way: life water way".

- Orzamento: novecentos setenta e tres mil catrocentos oito euros (973.408,00 €).
- Custos máximos elixibles: setecentos sesenta e un mil catrocentos sesenta e catro euros (761.464,00 €).
- Contribución máxima da Unión Europea: trescentos sesenta e nove mil cincocentos cincuenta e dous euros (369.552,00 €).

Consortio do proxecto: Concello de Abegondo (beneficiario coordinador), Consellería de Sanidade, Augas de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (beneficiarios asociados).





Terceiro. Que os obxectivos e planificación técnica e económica do proxecto describíense no "Grant Agreement LIFE 16 ENV/ES/000533" (acordo de subvención LIFE 16 ENV/ES/000533) subscrito entre a Unión Europea, representada pola "Agency for Small and Medium-sized Enterprises" (en diante "Axencia"), e o Concello de Abegondo.

O acordo de subvención LIFE 16 ENV/ES/000533 foi asinado por don Angelo Salsi, director da Axencia o 23.5.2017 (data de aprobación do proxecto) e ratificado por don José Antonio Santiso Miramontes, alcalde do Concello de Abegondo o 23.05.2017.

Segundo o establecido no artigo I.2.1 das disposicións especiais, o acordo de subvención entrou en vigor o 23.05.2017.

Cuarto. A integración da Deputación da Coruña e do Instituto Tecnolóxico de Galicia como socios beneficiarios do proxecto tivo lugar a través da modificación do acordo de subvención LIFE 16 ENV/ES/000533. O Instituto Tecnolóxico de Galicia entra a formar parte do proxecto no lugar da empresa Seko Ibérica Sistemas de Dosificación, SA, a cal lle comunicou a súa retirada do proxecto ao Concello de Abegondo (socio coordinador) o 24.04.2018.

Quinto. O presente acordo formalízase ao abeiro do previsto no artigo II.1.1 (c) e no último parágrafo do artigo II.1.3 das disposicións comúns do acordo de subvención.

Sexto. Que os termos deste acordo non entran en conflito coas bases que regulan o Programa LIFE 2016.

Sétimo. Que o proxecto realizárase de acordo ás disposicións especiais, ás disposicións comúns e aos anexos recollidos no contrato de financiamento formalizado entre a Axencia e o coordinador, como representante de todo o consorcio do proxecto.

Oitavo. Todas as entidades declaran coñecer os documentos que regulan o desenvolvemento do proxecto e que forman parte do dito acordo de subvención.

Por todo iso formalizan o presente convenio conforme ás seguintes:





CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio, de conformidade coas condicións requiridas para poder participar no Programa LIFE 2016, é regular a cooperación entre os beneficiarios co fin de levar a cabo o desenvolvemento do proxecto "Creating a new concept of natural drinking fountains and demonstrating its viability along st james' way: life water way" definido no apartado 2 da parte expositiva deste convenio.

Segunda. Obrigas das partes

Os beneficiarios comprométese a desenvolver o proxecto de acordo coas condicións do Programa LIFE 2016, nos termos da Proposta do Proxecto e do acordo asinado coa Axencia.

Cando para a execución do proxecto sexa necesario recorrer á contratación e/ou a subcontratación administrativa, a tramitación, adxudicación e execución dos contratos e subcontratos terá en conta o previsto nos artigos II.9 e II.10 das disposicións comúns.

Ademais, cando en función do obxecto do contrato administrativo que se tramite sexa posible, terase en conta a estratexia para aplicar os obxectivos da "Contratación verde" (*Green procurement*), baseados na 3ª edición do *Manual sobre a contratación pública ecolóxica* da Oficina de publicacións da Unión Europea 2016 ou na edición que, de ser o caso, a substitúa, de xeito que os socios beneficiarios traten de aplicar as medidas ecolóxicas recomendadas para a contratación pública.

Así mesmo, cada unha das partes asinantes do presente convenio, comprométese a realizar os traballos necesarios para a total execución das actuacións que aparecen definidas nas seguintes táboas, segundo a codificación establecida no Grant Agreement LIFE 16 ENV/ES/000533.





CÓDIGO	ACTUACIÓN
A1	Inventario, identificación de perigos e avaliación de riscos das fontes naturais do Camiño Inglés
B1	Deseño e execución dun prototipo para o tratamento e expedición de augas de consumo en fontes naturais
B2	Creación dunha rede piloto de fontes públicas
B3	Fomento da replicación e a transferencia do sistema de tratamento e expedición
C1	Plan de seguimento para a medición do impacto do proxecto sobre a calidade da auga das fontes naturais
C2	Plan de seguimento para a medición do impacto socio-económico do proxecto
D1	Estratexia para replicar a actuación nos municipios interesados
E1	Xestión do proxecto

BENEFICIARIO / CÓDIGO ACTUACIÓN	A1	B1	B2	B3	C1	C2	D1	E1
CONCELLO DE ABEGONDO	x		x			x	x	x
CONSELLERÍA DE SANIDADE	x				x		x	x
AUGAS DE GALICIA	x		x				x	x
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA			x				x	x
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS – BETANZOS					x	x	x	x
INSTITUTO TECNOLÓXICO DE GALICIA		x		x				x

Terceira. Entrada en vigor e duración do convenio

Este convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura polos representantes legais de todas as partes e estará vixente ata o total cumprimento de todas as obrigas asumidas polos beneficiarios ao abeiro do establecido neste convenio e no proxecto definido no apartado 2 da parte expositiva deste convenio.

Non obstante, para o cumprimento das obrigas que se deriven para os beneficiarios deste convenio, tanto entre eles como coa Axencia, e especialmente para os efectos da determinación da elixibilidade dos gastos realizados no marco das actuacións que ao abeiro deste convenio se desenvolvan, o proxecto executarase entre o 01.07.2017 e o 30.06.2021, de acordo co previsto no artigo 1.2.2 das disposicións especiais.





O convenio non quedará extinguido ata que non se realicen todos os informes e pagamentos previstos e, en todo caso, **continuará vixente** cinco anos tras a data do pagamento final do saldo do proxecto por parte da Axencia ("balance payment"), para o cumprimento das obrigas que se deriven das cláusulas deste convenio e das disposicións comúns do acordo de subvención, relativas ás comprobacións e auditorías, difusión do proxecto a través da páxina web do coordinador e dos beneficiarios, propiedade e explotación de resultados, dereitos de acceso, confidencialidade, resolución do contrato, responsabilidade, conservación de documentos e xurisdición.

Cuarta. Coordinación do proxecto. Funcións e obrigas do beneficiario coordinador

4.1. O coordinador do proxecto será o **Concello de Abegondo**.

4.2. O coordinador, ademais das actividades técnicas que lle correspondan na súa condición de beneficiario do proxecto, realizará as seguintes funcións:

4.2.1. Comunicación coa Axencia

O coordinador comunicarse coa Axencia na forma e a través dos medios previstos no artigo II.2. das disposicións comúns, tendo en conta que, en todo caso, calquera comunicación relativa ao acordo de subvención ou á súa implementación, debe facerse por escrito (en papel ou en formato electrónico). As ditas comunicacións deberan incorporar o número do acordo e o acrónimo do proxecto. Estas dirixiranse aos enderezos da Axencia indicados no artigo 1.6. das disposicións especiais do acordo de subvención.

Previamente a comunicarse coa Axencia, o coordinador debe consultar o equipo de auditoría externa designado pola axencia ("The External Monitoring Team"). De igual modo, calquera comunicación relativa ao acordo de subvención ou á súa implementación, que o coordinador remita á Axencia, deberá remitirla en paralelo ao dito equipo auditor.

O coordinador tramitará a petición da axuda e será o responsable, a todos os efectos, da realización do proxecto ante a Axencia, sen prexuízo das responsabilidades que lle correspondan ao resto de beneficiarios. Así mesmo, será o encargado de canalizar a documentación xustificativa da realización do proxecto. Polo tanto, recompilará os xustificantes de gastos e outros documentos financeiros para o seu envío á Axencia, así como os informes técnicos e outros documentos que puidesen ser requiridos pola Axencia.

Toda comunicación de carácter xeral dos beneficiarios coa Axencia efectuarase a través do Concello de Abegondo.





4.2.2. Distribución de fondos

O coordinador recibirá os fondos da Axencia, que transferirá ao resto de beneficiarios de acordo coas condicións establecidas na cláusula 6 do presente convenio. O Concello, como Coordinador **non asume** ningún compromiso de pagamento, agás a canalización da axuda recibida e **non asume**, en ningún caso, o custo dunha posible redución da axuda correspondente a cada un dos beneficiarios.

No caso de que un socio beneficiario reduza a súa contribución financeira ao proxecto, o beneficiario coordinador, de común acordo cos beneficiarios asociados, obrígase a atopar os recursos necesarios para que o proxecto poda realizarse correctamente.

4.2.3. Xestión do proxecto

O coordinador supervisará o progreso do proxecto de acordo co plan de traballo previsto na proposta do proxecto ou, de ser o caso, o fixado de común acordo polos beneficiarios, e informará a estes da marcha dos traballos.

4.2.4. Rexistro e arquivo da documentación

O coordinador gardará toda a documentación técnica e económica referente ao proxecto, tanto a propia coma a dos demais beneficiarios, durante o desenvolvemento do proxecto e durante os cinco anos seguintes á data do pagamento final do saldo do proxecto por parte da Axencia.

4.2.5. Contabilidade

O coordinador comprométese a manter actualizados os libros contables de acordo coas normas contables que se encontren vixentes. Co obxectivo de identificar os ingresos e gastos, comprométese a manter unha contabilidade analítica para o proxecto.

Así mesmo, cada socio beneficiario deberá asegurar que todas as facturas imputadas ao proxecto teñan unha referencia clara a este e que, en todo caso, nunha parte visible e destacada figure o código do proxecto LIFE 16 ENV/ES/000533.

4.2.6. Outras funcións

O coordinador realizará, así mesmo todas aquelas funcións que, a maiores das recollidas nos puntos anteriores, aparecen recollidas de xeito expreso nas disposicións comúns do acordo de subvención.





Quinta. Beneficiarios asociados. Funcións e obrigas

Os beneficiarios asociados son a entidade pública empresarial **Augas de Galicia**, a **Consellería de Sanidade**, a **Deputación Provincial da Coruña**, a **Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos** e o **Instituto Tecnolóxico de Galicia**.

Os beneficiarios asociados realizarán as seguintes funcións:

5.1. Documentación xustificativa

Os beneficiarios asociados prepararán e entregarán como resposta ao requirimento do Coordinador ou da Axencia, os informes, xustificantes de gastos e pagamentos ou documentos que se requiran para a xustificación da realización do proxecto, de forma que o Coordinador poida enviar o conxunto da documentación á Axencia dentro dos prazos previstos para o efecto.

5.2. Poder de representación

Os beneficiarios, mediante a sinatura do mandato A.4 "Associated Beneficiary Declaration" outorgaron poderes ao Coordinador do proxecto para cumprir as obrigas que como beneficiarios correspondan ás entidades que forman o consorcio. Esta cesión de poderes enténdese para os efectos da realización do Proxecto no marco do Programa Life.

5.3. Modificacións

Os beneficiarios notificaránlle por escrito ao Coordinador calquera información relacionada co proxecto, especialmente dos cambios que puidesen afectarlle de forma substancial ao normal desenvolvemento deste, tales como:

- Cambios na natureza ou o contido dos resultados previstos máis importante.
- Cambios relativos á súa situación xurídica.
- Atrasos na realización das tarefas do proxecto que produzan unha modificación da data de finalización.
- Cambios no papel técnico que debe desempeñar.
- Aumento ou diminución dunha ou máis categorías de gastos previstos no proxecto.

Non se poderán realizar cambios que modifiquen no fundamental os obxectivos xerais do proxecto, ou que teñan por obxecto modificar o acordo de subvención aprobado pola Axencia ou que teñan o



augasdegalicia



Deputación DA CORUÑA



8

Instituto tecnolóxico de Galicia



http://ec.europa.eu/life



efecto de modificalo de xeito que a decisión da Axencia de conceder a subvención ao proxecto aprobado podería ser outra ou de xeito que tal modificación implique un trato diferente respecto doutros solicitantes de subvencións no marco do Programa LIFE, tal e como se indica no artigo II.12.2, primeiro parágrafo das disposicións comúns do acordo de subvención.

5.4. Réxime de reintegros e sancións

Os beneficiarios, cando proceda, en virtude do disposto no presente convenio, terán a obriga de transferir os fondos necesarios para atender os eventuais requirimentos de reintegros ou pagamento de sancións impostas pola Axencia. En caso de que a Axencia considere durante a avaliación da documentación xustificativa que é necesario devolver algunha cantidade da subvención concedida, os beneficiarios comprométese a pagarlle ao Concello de Abegondo as cantidades que pola súa causa o coordinador teña que devolver, xunto cos intereses de demora que sexan esixidos pola Axencia.

5.5. Rexistro e arquivo da documentación

Os beneficiarios responsabilizaranse de gardar toda a documentación técnica e económica relativa ao proxecto durante o tempo de desenvolvemento do proxecto e durante os 5 anos posteriores á data do pagamento final do saldo do proxecto por parte da Axencia, con independencia da información que teña que custodiar o Coordinador, de acordo coas normas orzamentarias e de contabilidade aplicables aos respectivos beneficiarios.

5.6. Contabilidade

Os beneficiarios comprométese a manter actualizados os libros contables de acordo coas normas contables que se encontren vixentes. Co obxectivo de identificar os ingresos e gastos, os beneficiarios comprométese a manter unha contabilidade analítica para o proxecto. Así mesmo, deberán asegurar que todas as facturas imputadas ao proxecto, deben ter unha referencia clara ao proxecto, de acordo coas normas orzamentarias e de contabilidade aplicables aos respectivos beneficiarios. Así mesmo, aseguraranse de que, en todo caso, nunha parte visible e destacada das facturas figure o código do proxecto LIFE 16 ENV/ES/000533.

5.7. Publicidade – Visibilidade do financiamento da Unión Europea

Salvo que a Axencia requira ou dispoña outra cousa, calquera comunicación ou publicación relacionada co proxecto, realizada individual ou conxuntamente por máis dun socio, incluídas conferencias, seminarios ou calquera información ou materiais de difusión, tales como folletos, carteis, pósters, páxinas web, taboleiros de anuncios, etc., debe indicar que o proxecto recibiu financiamento da Unión Europea, e debe figurar o logo do programa LIFE (Anexo II o Regulamento LIFE <http://ec.europa.eu/environment/life/toolkit/comtools/resources/logos.htm>).





En todo caso, con carácter xeral, para os efectos de cumprir coa obriga de darlle visibilidade ao financiamento do proxecto pola Unión Europea, teranse en conta as disposicións contidas no acordo de subvención, incluídos os seus anexos e, singularmente, o previsto no artigo II.7. das disposicións comúns.


5.8. Outras funcións

Os beneficiarios realizarán, así mesmo, todas aquelas funcións que, a maiores das recollidas nos puntos anteriores, aparecen recollidas de xeito expreso nas disposicións comúns do acordo de subvención, de acordo coas normas orzamentarias e de contabilidade aplicables aos respectivos beneficiarios.

Sexta. Financiamento e pagamentos

As cantidades que deberá aboarlles o Coordinador aos beneficiarios serán proporcionais ás cantidades recibidas da Axencia e en relación coas cantidades xustificadas polo beneficiario.

A contribución financeira e as condicións económicas da participación dos integrantes do proxecto encóntranse recollidas no seguinte cadro:





Beneficiario	2017	2018	2019	2020	2021	Total
Concello de Abegondo	19.085,00 €	41.200,00 €	45.650,00 €	40.705,00 €	35.482,00 €	182.122,00 €
Consellería de Sanidade	57.549,78 €	66.045,24 €	15.781,05 €	39.741,33 €	1.823,60 €	180.941,00 €
Augas de Galicia	0,00 €	28.885,00 €	142.882,00 €	4.532,00 €	819,00 €	177.118,00 €
Deputación Provincial da Coruña	0,00 €	6.320,00 €	149.951,00 €	33.910,00 €	17.068,00 €	207.249,00 €
Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos	0,00 €	5.200,00 €	31.680,00 €	32.146,00 €	4.990,00 €	74.016,00 €
Instituto Tecnolóxico De Galicia	(*)	(*)	(*)	(*)	(*)	151.962,00 €
Total (€)						973.408,00 €

(*) No caso do Instituto Tecnolóxico de Galicia a distribución do orzamento por anualidades realizarase unha vez aprobado pola Comisión Europea o primeiro informe de progreso do proxecto.

Se por motivos de reaxuste das actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio é preciso realizar algún reaxuste de anualidades, os beneficiarios deberán elaborar as oportunas memorias xustificativas e económicas, así como a documentación contable que lle dea soporte, sempre e cando non supoñan incremento dos custos iniciais.

O financiamento será o seguinte:





BENEFICIARIO	TOTAL	CONTRIBUCIÓN SOCIOS	CONTRIBUCIÓN EU
CONCELLO DE ABEGONDO	182.122,00 €	89.261,00 €	92.861,00 €
CONSELLERÍA DE SANIDADE	180.941,00 €	90.471,00 €	90.470,00 €
AUGAS DE GALICIA	177.118,00 €	147.579,00 €	29.539,00 €
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	207.249,00 €	163.556,00 €	43.693,00 €
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS	74.016,00 €	37.008,00 €	37.008,00 €
INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA	151.962,00 €	75.981,00 €	75.981,00 €
TOTAL (€)	973.408,00 €	603.856,00 €	369.552,00 €

De acordo co previsto no artigo II.22 (transferencias de orzamento) das disposicións comúns, sen prexuízo do establecido no artigo II.10 do dito anexo e sempre que o proxecto sexa executado tal e como se describe no Anexo II (Descrición do proxecto) ao acordo de subvención, os beneficiarios poderán axustar o orzamento establecido no Anexo III ao acordo de subvención (Orzamento estimado do proxecto) estimado para a totalidade do proxecto, a través de transferencias realizadas entre eles, co límite do 20% da totalidade dos custos elixibles, entre as diferentes categorías de orzamentos.

A achega do Concello de Abegondo rexistrárase contablemente no grupo de programa "452" (Recursos hidráulicos) e co código de proxecto "LIFEW", dos seus orzamentos, para os anos 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021.

A achega da Consellería de Sanidade consignárase nas partidas orzamentarias 11.02.413A.120.00, 11.02.413A.120.01, 11.02.413A.120.03, 11.02.413A.640.3 dos seus orzamentos, para os anos 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021.

A achega de Augas de Galicia consignárase no seu Programa de Actuacións, Investimento e Financiamento (PAIF).

A achega dos demais socios beneficiarios do proxecto (Deputación Provincial da Coruña, Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos e Instituto Tecnolóxico de Galicia) consignárase



nos seus respectivos orzamentos, nas partidas e/ou conceptos contables adecuados atendendo á finalidade do gasto e/ou investimento.

O resumo global do proxecto é o seguinte:

Orzamento LIFE WATER WAY:	973.408,00 €
Financiamento da Unión Europea:	369.552,00 €
Financiamento socios:	603.856,00 €

Porcentaxe de co-financiamento da Unión Europea: 48,53 % dos custos elixibles.

Estes custos serán revisados durante o desenvolvemento do proxecto, e os pagamentos segundo e terceiro realizaranse en función dos custos xustificadas e aceptados pola Axencia.

Os pagamentos serán realizados polo Coordinador aos beneficiarios, de acordo coa cadencia de pagamentos realizados pola Comisión Europea ao Coordinador:

PAGAMENTO	PORCENTAXE	CONDICIÓNS
Primeiro pagamento	30%	De xeito anticipado e nunha soa vez, segundo sexan transferidas as cantidades pola Axencia ao Coordinador.
Segundo pagamento	40%	Tras a xustificación das actuacións por parte do beneficiario segundo sexan transferidas as cantidades pola Axencia ao Coordinador.
Terceiro pagamento	30%	O Coordinador efectuará o pagamento final do saldo do proxecto tras recibir o pagamento da Axencia.

Respecto ao límite estipulado no artigo II.1.3 (e) que fixa en un máximo de 30 días o prazo entre a recepción dos fondos pagados pola Axencia ao Coordinador e o reparto destes entre os beneficiarios, o Consorcio do proxecto acorda proceder ao reparto do primeiro pagamento (realizado pola Axencia de forma anticipada ao inicio do proxecto) dentro do mes seguinte á sinatura do presente convenio. No seguinte cadro recóllese o reparto do primeiro pagamento entre os beneficiarios, equivalente ao 30% da contribución financeira máxima.





BENEFICIARIO	PRIMEIRO PAGAMENTO
CONCELLO DE ABEGONDO	27.858,30 €
CONSELLERÍA DE SANIDADE	27.141,00 €
AUGAS DE GALICIA	8.861,70 €
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	13.107,90 €
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS	11.102,40 €
INSTITUTO TECNOLÓXICO DE GALICIA	22.794,30 €
TOTAL (€)	110.865,60 €

O segundo pagamento, equivalente ao 40% da contribución financeira máxima, realizarao a Axencia cando polo menos se consumise o 100% do primeiro pagamento, en termos de porcentaxe de gastos elixibles incorridos. Esta porcentaxe pode variar e calcularase unha vez recompilados os documentos económicos de xustificación de cada beneficiario.

O pagamento final (30% do total da subvención comunitaria) realizarase dentro do mes seguinte a que o Concello de Abegondo como Coordinador do proxecto recibise o pagamento final do saldo do proxecto por parte da Axencia. Para que a Axencia realice este pagamento terá que aprobar os informes técnicos e financeiros remitidos polo coordinador.

Todos os pagamentos realizados serán considerados polos beneficiarios como primeiro pagamento ata que a Comisión Europea non lle transfira o pagamento final ao Coordinador.

Sétima. Propiedade e explotación dos resultados

A titularidade dos posibles dereitos de propiedade industrial aos que puidese dar lugar o coñecemento xerado no proxecto será da parte que o xere, podendo as partes establecer acordos de explotación comercial conxunta futura con base nos resultados obtidos no proxecto.

Os dereitos dos resultados e produtos do proxecto poderán ser establecidos durante este mediante a sinatura entre as partes dun acordo de explotación de resultados. Ata ese momento, os accesos a dereitos de explotación e propiedade, axustaranse ás seguintes condicións:

A titularidade dos posibles dereitos de propiedade industrial aos que puidese dar lugar o coñecemento xerado no proxecto será da parte que o xere. Previo acordo expreso para o efecto, poderán solicitar conxuntamente a patente pertinente ou outros dereitos de propiedade ou poderán negociar entre eles para chegar a acordos sobre a súa protección, mantemento e explotación, axustándose para iso ao previsto na normativa que resulte de aplicación, así como o previsto no artigo II.8. das disposicións comúns e, singularmente, nas seguintes disposicións:





- Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.
- Decreto 687/2002, do 12 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.
- Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes.
- Real decreto 316/2017, do 31 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes.
- Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.
- Lei 5/2011, do 30 setembro, de patrimonio de Galicia.

Se os beneficiarios necesitasen intercambiar e/ou usar coñecementos preexistentes ou material doutro dos beneficiarios para levar a cabo o proxecto, a propiedade do devandito coñecemento preexistente ou material continuará pertencendo ao beneficiario subministrador, aínda cando o devandito material inclúa material doutro dos beneficiarios. No caso de que un beneficiario estea interesado na explotación dos resultados que sexan propiedade completa ou parcial doutro beneficiario, ambas as dúas acordarán a correspondente licenza en Contrato de Transferencia, previo ao inicio da explotación e dentro dos doce meses seguintes á finalización do proxecto. Os termos e condicións económicas da devandita licenza terán en conta a contribución financeira e intelectual do beneficiario que xeraxe o resultado, así como o valor comercial potencial e as aplicacións deste.

Oitava. Dereitos de acceso para a realización do proxecto

Durante o tempo de vixencia do proxecto os beneficiarios terán acceso gratuíto ao coñecemento, ao exercicio dos dereitos previos e aos resultados e dereitos adquiridos, cando sexan necesarios para a realización dos seus traballos relacionados co proxecto. Estes dereitos de acceso serán informados polo beneficiario que os facilite ao Comité do proxecto que, de ser o caso, se cree para a coordinación e dirección dos aspectos técnicos. En tanto non exista este comité, a dita información seralle facilitada á Comisión de seguimento prevista na 12ª cláusula deste convenio.

Unha vez finalizado o proxecto, os beneficiarios establecerán, caso por caso, os termos e condicións das licenzas que, tanto sobre os coñecementos preexistentes, como sobre os resultados que cada un dos beneficiarios obteña no proxecto, fosen necesarias para o uso e a explotación dos resultados que os demais partes obtivesen no proxecto. En todo caso, estes acordos de licenza concederanse en termos xustos e non discriminatorios. Así mesmo, os ditos acordos deberán respectar, en todo o que resulte de aplicación, o previsto no artigo II.8. das disposicións comúns.





Novena. Confidencialidade

Tanto o coordinador coma os beneficiarios comprométese a manter o carácter confidencial das accións científicas e técnicas e de todos os coñecementos, pertencentes ás outras partes, ás que puidese ter acceso no desenvolvemento dos traballos precisos para alcanzar o obxecto final da colaboración, sen que poida transmitir a receptora a terceiros a devandita información e documentación, baixo ningún concepto, sen autorización expresa, escrita, e con carácter previo da emisora, en cuxo caso, a receptora deberá trasladar a ditos terceiros idéntica obriga de confidencialidade.

O parágrafo anterior non se aplicará cando:

- A parte receptora teña evidencia de que coñecía previamente a información recibida.
- A información recibida sexa de dominio público.
- A parte receptora adquira esta información dun terceiro sen compromiso de confidencialidade.

Os beneficiarios comprométese a que todo o persoal participante no proxecto coñeza e observe o compromiso de confidencialidade regulado por esta cláusula.

Os datos de carácter persoal intercambiados entre os beneficiarios na preparación da proposta e na execución do proxecto, única e exclusivamente poderán ser utilizados ou aplicados para o cumprimento dos fins obxecto deste, e non poderán ser cedidos ou entregados a terceiros baixo título ningún, nin sequera para os meros efectos de conservación.

Os datos e informes obtidos durante a realización dos proxectos conxuntos, así como os resultados finais, terán carácter confidencial.

As disposicións desta cláusula subsistirán de forma indefinida.

Décima. Modificación

O presente convenio só poderá ser modificado por escrito, mediante acordo debidamente subscrito entre os beneficiarios, para o caso en que se produzan cambios substanciais dunha natureza similar á dos previstos na cláusula 5.3. deste convenio; ou, de ser o caso, cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo II.12 das disposicións comúns do acordo de subvención.

Undécima. Natureza xurídica do convenio e xurisdición

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto deste.





De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Todo litixio sobre a súa interpretación e aplicación, ou discrepancia que se derive desta relación xurídica resolverase ante a xurisdición contencioso administrativa.

Duodécima. Comisión de Seguimento

Establécese unha Comisión de Seguimento, formada por dous representantes de cada unha das partes asinantes do convenio, para o seguimento do desenvolvemento das actuacións que constitúen o seu obxecto. Esta comisión actuará como órgano mixto de vixilancia, impulso e control, asegurando a debida coordinación e participación na execución das actuacións previstas. Así mesmo, resolverá as dúbidas que se presenten na interpretación do presente Convenio de Colaboración e informará as posibles incidencias e modificacións na execución dos proxectos. A comisión celebrará as súas sesións, cunha periodicidade trimestral, podéndose reunir con carácter extraordinario a petición de calquera dos seus membros.

Décimo terceira. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade daralle publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.





E en proba da súa conformidade, as partes asinan o presente acordo en SEIS orixinais, na data e lugar arriba indicados.

<p>O alcalde-presidente do Concello de Abegondo</p>  <p>José Antonio Santiso Miramontes</p>	<p>O conselleiro de Sanidade</p>  <p>Jesus Vázquez Almuiña</p>
<p>A presidenta de Augas de Galicia</p>  <p>Ethel María Vázquez Mourelle</p>	<p>O presidente da Deputación Provincial da Coruña</p>  <p>Valentín González Formoso</p>
<p>O vicepresidente da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos</p>  <p>César Longo Queijo</p>	<p>O director do Instituto Tecnolóxico de Galicia</p>  <p>Carlos Calvo Orosa</p>

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS